

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3014

Feitos

Con data do 23 de abril de 2025, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3014, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Enxeñaría Civil (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

Hernández Ibáñez, Luis Antonio: presidente titular

Barneche Naya, Viviana: presidenta suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución das presidencias titular e suplente.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Presidencia titular: substitúese a Luis Antonio Hernández Ibáñez por María del Rocío Mihura López, proposta polo departamento con data do 28 de abril de 2025.

Presidencia suplente: substitúese a Viviana Barneche Naya por María Isabel Martínez Lage, proposta polo departamento con data do 28 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández